

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 20 DE MARZO DE 2019**

**ÍNDICE DE PUNTOS**

**Punto Único.- Debate sobre o Estado do Concello.....**

C.I.F.: P - 1500200 - I

**ROSA ANA PRADA QUEIPO SECRETARIA DO CONCELLO DE AMES NA PROVINCIA DA CORUÑA**

**CERTIFICO:** QUE O PLENO DESTE CONCELLO LEVOU A CABO SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA 20 DE MARZO DE 2019. DESA REUNIÓN REDACTOUSE A CORRESPONDENTE ACTA QUE É DO TEOR LITERAL SEGUINTE:

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA LEVADA A CABO POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 20 DE MARZO DE 2019.**

No Salón da Casa de Cultura de Milladoiro, ás vinte horas e trinta minutos (20:30) do día 20 de marzo de 2019 réunese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor alcalde, **José M. Miñones Conde**, e coa asistencia das/os señoras/os concelleiras/os seguintes:

<b>Grupo municipal Popular</b>	M <sup>a</sup> Oliva Agra Costoya
	Fco. Javier Olmo Olmo
	Roberto José Martínez Viaño
	M <sup>a</sup> Encarnación Santiago Hermo
<b>Grupo municipal Socialista</b>	José Manuel Miñones Conde
	Luisa Feijóo Montero
	José Blas García Piñeiro
	M <sup>a</sup> Isabel González Cancela
<b>Grupo municipal IC- Ames Novo</b>	M <sup>a</sup> del Carmen Calviño Miramontes
	Ana Isabel García Reig
	Roberto Amarelle Garabán
	Enrique Costas Bastero
<b>Grupo municipal Contigo Pódese</b>	Genma Otero Uhía
	Francisco Javier García Guldrís
	Silvia Dapena Liñares
<b>Grupo municipal Pacto X Ames</b>	M <sup>a</sup> Dolores Fernández Álvarez
	Ramón García Argibay
	Emilio Martínez Carballeira
<b>Grupo municipal BNG-Asembleas Abertas</b>	David Santomil Mosquera
	M <sup>a</sup> Isabel Vaquero Quintela
-----	-----

Actúa como **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

**ORDE DO DÍA:**

**Punto Único.- Debate sobre o Estado do Concello.**

(.....)

O concelleiro do grupo municipal Pacto X Ames, **Ramón García Argibay**, solicita que conste en acta unha parte da súa primeira intervención que é do teor literal seguinte: Me gustaría, señor alcalde, que por favor dera traslado a ver si esta cuestión é motivo de algunha irregularidade xa que vostedes enviaron á Televisión de Galicia un escrito con membrete do Concello de Ames, cun folio autorizado do Concello de Ames, oficial do Concello de Ames, e que curiosamente asinaba polo grupo municipal socialista, José Blas García Piñeiro, polo grupo municipal Ames Novo, Costas Basteiro, Enrique, polo grupo do BNG, David Santomil Mosquera, e polo grupo Pódese, Otero Uhía Genma. Este escrito, como dicía, vai en papel membretado e vai asinado por algúns grupos municipais e nos consideramos que é un erro propio de pensar coas vísceras en vez de pensar coa cabeza. Por iso solicitamos que conste en acta e que se estude si esta cuestión esta dentro do regulamentado; isto non vai de parte dun goberno e se están utilizando medios do concello para presentar unha proposta que probablemente si fora asinada polos grupos municipais e nun papel en branco ou cos logos de cada grupo municipal tería o seu sentido pero que vaia dun papel membretado oficial, co CIF do Concello de Ames, nós consideramos que probablemente non é correcto.

Rematada a primeira quenda de intervencións o señor alcalde, **José Manuel Miñones Conde**, toma a palabra para dicir que a secretaría estalle indicando que nos plenos do Debate do Estado do Concello, por aplicación do artigo 60 do ROM, non existe mais que unha quenda de intervencións e que a duración das intervencións non será superior a 10 minutos. Continúa o alcalde dicindo que non van aplicar esta previsión nesta sesión concreta pero que terase en conta para vindeiras convocatorias.

(.....)

O contido íntegro desta sesión está gravado en vídeo acta.

E non habendo mais asuntos que tratar, o señor alcalde presidente deu por rematado o acto e levantou a sesión ás vinte e tres horas trinta e cinco minutos do día 20 de marzo de 2019, de todo o que eu como secretaria certifico.

Visto e prace

O alcalde

A secretaria